

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “REINICIA VIII” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE MUGARDOS, ARES, CABANAS E FENE

1.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación

O obradoiro dual de emprego “REINICIA VIII” confírese como un programa mixto de emprego e formación que ten como finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 3, do 3 de febreiro de 2021 e promovido polos concellos de Mugaros, Ares, Cabanas e Fene .

Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data 09/09/2021, e co número de expediente 15/0028/2021, e a Circular número 6/2021, de data 15/06/2021, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para as persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

As especialidades a impartir son as seguintes:

SSCS0108: Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (nivel 2), con 10 alumnos/as-traballadores/as

AGAR0309: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (nivel 1), con 10 alumnos/as- traballadores/as

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará 20 alumnos/as-traballadores/as coa seguinte distribución por concellos tal e como figura no “Convenio de colaboración para o Obradoiro dual de emprego dos Concellos de Mugaros, Ares, Fene e Cabanas” asinado en data 23 de febreiro de 2021:

- Concello de Mugaros: 4 alumnos/as
- Concello de Ares: 5 alumnos/as
- Concello de Fene: 9 alumnos/as
- Concello de Cabanas: 2 alumnos/as



Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

- Un/unha director/a (xornada completa)
- Un/unha docente para impartir o certificado de profesionalidade de (SSCS0108) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO (xornada completa)
- Un/Unha docente para impartir o certificado de profesionalidade de (AGAR0309) ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (xornada completa)
- Un /Unha docente de ensino básico (50% de xornada)
- Un/Unha docente de formación empresarial (50% da xornada)
- Un/Unha auxiliar administrativo (50% da xornada)

A selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección de todo o persoal procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo as principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

2.- Publicidade do proceso

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal unha vez aprobadas pola entidade promotora expóñense ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos e na páxina web do Concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>), así como nos taboleiros e webs dos concellos de Ares, Cabanas e Fene. Ademais, enviaranse á oficina de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos e na páxina web do Concello de Mugardos, así como nos taboleiros e nas páxinas web dos concellos de Ares, Cabanas e Fene.

Publicarase un anuncio para a apertura do proceso no BOP

Rematado o procedemento de selección a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á Xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como, persoal directivo, docente e administrativo de apoio.



3.- Requisitos comúns dos aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo todo aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Nacionalidade: ter nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sempre que non estean separados de dereito ; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.ç
- b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécense a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.
- c) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos a acceso ao emprego público.
- d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo

4.- Órgano de selección



O Tribunal cualificador terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes e será designado pola alcaldía ou persoa en quen delegue

O tribunal de selección estará formado por 5 membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo con categoría equivalente: Un presidente e catro vogais. Actuará como secretario un funcionario ou laboral fixo do Concello ou a persoa en quen delegue (con voz nas deliberacións do tribunal, pero sen voto para a composición e cualificación das probas) Designaranse así mesmo, os seus respectivos suplentes . Todos os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas .

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os tribunais poderán dispoñer da incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así coiden necesario ou conveniente. As persoas asesoras limitaranse ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias o tribunal entenderase encadrado na categoría primeira, segundo establece o RD 462/2002, do 24 de maio.

5.- Listaxes de reserva

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do/a proposto/a para ocupar a praza obxecto da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. No suposto de que a



listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións

6.- Selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

6.1.- Normas xerais:

– Convocatoria pública:

Para levar a cabo o procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio emprégase convocatoria pública que se publicará segundo indica o apartado 2

– Presentación de instancias:

As persoas que desexen participar na presente convocatoria deberán presentar instancia dirixida ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura nas presentes bases (Anexo I)

O prazo de presentación de instancias será de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se consonte a este precepto se presentara instancia vía correo, deberá aparecer na devandita solicitude o selo da correspondente oficina de correos e comunicáraselle simultaneamente ao concello a realización do envío ben por fax ou ben por correo electrónico (correo@mugardos.gal) co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante; noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo, da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos nestas bases e da documentación necesaria para a valoración de méritos, polo que só se terán en conta para o concurso os méritos os debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fóra de prazo

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de



parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

- Admisión dos/as aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

O órgano de selección elaborará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión ao proceso selectivo. Dita listaxe será aprobada por Resolución de Alcaldía e se publicará na páxina web do concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos e nas webs e taboleiros dos concellos de Ares, Cabanas e Fene será determinante para os efectos de posibles reclamacións.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de un (2) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios do concello de Mugardos, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.



Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará na páxina web do concello de Mugar dos e no taboleiro de anuncios do Concello de Mugar dos e nas webs e taboleiros dos concellos de Ares, Cabanas e Fene.

No caso de que se produza a admisión de todos os/as candidatos/as presentados/as, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listaxes provisionais.

- Selección definitiva dos candidatos/as:

A selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio será efectuada polo órgano de selección que aplicará o baremo de méritos establecido para cada posto no apartado de especificacións e no seu caso as probas de acreditación do coñecemento da lingua galega.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) O maior tempo acreditado como desempregado.
- b) A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d) A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h) O de maior idade.

- Puntuacións finais. Contratación:

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

Estas listaxes se publicará na páxina web do concello de Mugar dos (<https://mugar dos.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Mugar dos taboleiros e nas webs e taboleiros dos concellos de Ares, Cabanas e Fene.

Os aspirantes disporán dun prazo de un (1) día hábil, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Mugar dos para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resultas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor xunto coa relación definitiva do/s aspirante/s aprobado/s tamén pola orde da puntuación obtida. Así mesmo, esta relación de aprobado/s presentarase ao señor alcalde coa proposta para a súa contratación. O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, os/as aspirantes propostos/as,



achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes aprobados no Taboleiro de anuncios do concello de Mugardos, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, o acceso ao emprego público.

b) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

c) Así mesmo, o/a aspirante proposto/a deberá no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no Taboleiro de anuncios do concello presente certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

6.2.- Especificacións:

a) PROCESO SELECTIVO DUN/DUNHA DIRECTOR/A:

FUNCIÓNS DO POSTO:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro dual de emprego e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado.



Levará a cabo a xestión e supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do obradoiro, concretamente:

- Coordinación co Concello de Mugarbos en todo o relativo á xestión económica e administrativa do programa
- Coordinación coa Consellería de Emprego e igualdade en todo o relacionado coa execución do programa
- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante os Concellos de Mugarbos, Ares, Cabanas e Fene as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade
- Supervisar a formación do alumnado –traballador e a labor educativa do persoal docente
- Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado
- Propoñer, organizar e coordinar actividades complementarias de carácter formativo do alumnado – traballador
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados

MODALIDADE, PERÍODO DE CONTRATACIÓN E RETRIBUCIÓNS

- a) O/A candidato/a seleccionado/a será contratado por un período de 9 meses a xornada completa (40 horas semanais) baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado para a execución do Obradoiro dual de emprego REINICIA VIII
- b) A retribución mensual bruta será de 1792.27 €, correspondente á xornada completa (40 horas semanais) por tódolos conceptos salariais excluídas as percepcións de devengo superior ao mes e os conceptos que se deriven da correspondente liquidación por finalización de contrato



- c) Categoría profesional: Grupo II
- d) Centros de traballo/formación: Centro de Formación Francisco Vizoso do Concello de Mugardos e Nave do Concello de Fene en San Marcos

REQUISITOS ESPECIFICOS:

- a) Idade: Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa
- b) Titulación: Titulación universitaria de grao, diplomatura, licenciatura, enxeñería ou equivalente
- c) Experiencia profesional: experiencia mínima de 6 meses por conta allea en tarefas de dirección de obradoiros de emprego, programas de emprego, casa de oficio, escolas obradoiro (grupos de cotización, 1, 2 e 3)
- d) Requisitos lingüísticos: Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega
- e) Outros requisitos: Permiso de conducir B

Todos os requisitos esixidos nesta base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias (agás a acreditación do coñecemento da lingua galega que por motivo xustifico cuxa aceptación valorará o órgano de selección poderán presentarse ata o día mesmo que se fixe para a realización da proba) e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

SELECCIÓN DOS/AS CANDIDATOS/AS:

Primeiro.- O Órgano de selección para a cualificación dos/as candidatos/as deberá aplicar o seguinte:

Puntuación total do proceso selectivo: 15 puntos

- Titulación académica (máximo 2 puntos)
 - o Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:
 - Licenciatura ou grao: 1,5 puntos
 - Diplomatura universitaria: 1 punto
 - Master maior ou igual a 600 horas: 0,50 puntos
 - Título de técnico/a superior da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,5 puntos
 - Título de técnico/a medio da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,25 puntos

A titulación mínima esixida para o posto, unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante



A puntuación dos apartados anteriores é acumulable ata a puntuación máxima

- Experiencia profesional (máximo 9 puntos)
 - Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos
 - Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos

O período de experiencia profesional esixido como requisito non será obxecto de valoración.

- Cursos realizados (máximo 4 puntos): Valoraranse unicamente os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tivesen unha duración mínima de 20 horas lectivas:
 - Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 puntos por curso
 - Cursos de 100 a 299 horas: 0,30 puntos por curso
 - Cursos de 300 horas ou máis: 0,50 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos non será obxecto de puntuación.

Documentación para acreditar os méritos:

Acreditación da experiencia profesional por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos. Nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado: non se teñen en conta as experiencias que non figuren na vida laboral

Acreditación da experiencia profesional por conta propia. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren na vida laboral

Acreditación das titulacións complementarias e das accións de formación. Deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións



públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben acreditarse coa presentación de titulacións, certificados de asistencia ou diplomas; debe constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. En caso de haber participado en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídos os de duración inferior.

Segundo.- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou non apto/a): para os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento de lingua galega segundo o establecido nos requisitos específicos deberán realizar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán ao galego, e outro do galego ao castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao órgano de selección determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado

Trala realización deste exercicio e a súa avaliación, se procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron

b) PROCESO SELECTIVO DO DOCENTE PARA A ESPECIALIDADE DE AGAR0309 ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES:

FUNCIÓNS DO POSTO:

A persoa candidata seleccionada encargarase de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado – traballador, así como:

- Elaborar, xunto coa dirección do obradoiro, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico – prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado – traballador, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado – traballador notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización de aula – taller e espazos de execución dos traballos
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado – traballador



- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados

MODALIDADE, PERÍODO DE CONTRATACIÓN E RETRIBUCIÓNS

- O/A candidato/a seleccionado/a será contratado por un período de 9 meses a xornada completa (40 horas semanais) baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado para a execución do Obradoiro dual de emprego REINICIA VIII
- A retribución mensual bruta será de 1558,49€ ,correspondente á xornada completa (40 horas semanais) por tódolos conceptos salariais excluídas as percepcións de devengo superior ao mes e os conceptos que se deriven da correspondente liquidación por finalización de contrato
- Categoría profesional: Grupo III
- Centros de traballo/formación: Centro de Formación Francisco Vizoso do Concello de Mugardos e Nave do Concello de Fene en San Marcos

REQUISITOS ESPECIFICOS:

- Idade: Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa
- Titulación: o establecido polo RD 682/2011, de 13 do maio, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309R)
- Experiencia profesional: o establecido polo RD 682/2011, de 13 do maio, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309R)
- Competencia docente: acreditar que posúe competencia docente
- Requisitos lingüístico: posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega
- Outros requisitos: Permiso de conducir B

Todos os requisitos esixidos nesta base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias (agás a acreditación do coñecemento da lingua galega que por motivo xustifico cuxa aceptación valorará o órgano de selección poderán presentarse ata o día mesmo que se fixe para a realización da proba) e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

SELECCIÓN DOS/AS CANDIDATOS/AS:

Primeiro.- O Órgano de selección para a cualificación dos/as candidatos/as deberá aplicar o seguinte:

Puntuación total do proceso selectivo: 16 puntos



- Titulación académica (máximo 2 puntos)
 - Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:
 - Licenciatura ou grao: 1,5 puntos
 - Diplomatura universitaria: 1 punto
 - Master maior ou igual a 600 horas: 0,50 puntos
 - Título de técnico/a superior da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,5 puntos
 - Título de técnico/a medio da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,25 puntos

A titulación mínima esixida para o posto, unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante

A puntuación dos apartados anteriores é acumulable ata a puntuación máxima. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver

- Experiencia profesional (máximo 9 puntos)
 - Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos
 - Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos
- Cursos realizados (máximo 4 puntos): Valoraranse unicamente os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tivesen unha duración mínima de 20 horas lectivas:
 - Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 puntos por curso
 - Cursos de 100 a 299 horas: 0,30 puntos por curso
 - Cursos de 300 horas ou máis: 0,50 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos non será obxecto de puntuación.

- Cursos de formación docente (máximo 1 punto):
 - Cursos de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
 - Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
 - Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
 - Curso de CAP ou equivalente (master en secundaria): 1 punto
 - Curso de docencia de formación profesional para o emprego (SSCE0110): 1 punto

Documentación para acreditar os méritos:



Acreditación da experiencia profesional por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos. Nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado: non se teñen en conta as experiencias que non figuren na vida laboral

Acreditación da experiencia profesional por conta propia. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren na vida laboral

Acreditación das titulacións complementarias e das accións de formación. Deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben acreditarse coa presentación de titulacións, certificados de asistencia ou diplomas; debe constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. En caso de haber participado en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídos os de duración inferior.

Segundo.- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou non apto/a): para os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento de lingua galega segundo o establecido nos requisitos específicos deberán realizar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán ao galego, e outro do galego ao castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao órgano de selección determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado

Trala realización deste exercicio e a súa avaliación, se procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron

c) PROCESO SELECTIVO DUN/DUNHA DOCENTE PARA A ESPECIALIDADE SSCS0108 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO

FUNCIÓNS DO POSTO:

